



Rexistro Xeral
SAIDA
UVIGO1101 N.º 200800000404
22:07

Mediando pedimento de data 10 de xullo de 2007 de Don Cándido Pérez Betanzos, técnico especialista de transporte e distribución, grupo III, no que solicita a adaptación do posto de traballo ou ser destinado a un traballo axustado ás súas condicións, consonte ao artigo 13 do I Convenio Colectivo da Universidade de Vigo.

Vistos os informes emitidos pola Mutua de accidentes de traballo e enfermidades profesionais, FREMAP con datas 5 e 18 de xuño e 24 de xullo, o evacuado polo SERGAS o 5 de xuño, completado polo médico da Seguridade Social de 11 de setembro, nos que se considera que o interesado é apto con limitacións para o traballo.

Analizado, así mesmo, o informe emitido polo responsable do Servizo de Parque Móvil e Correos da Universidade no que declara que as limitacións do interesado "impiden a posibilidade de adaptar ningún posto de traballo neste Servizo".

Consultada a Relación de Postos de Traballo, constatase que non existe vacante da mesma categoría á que pertence o interesado.

O Servizo de Prevención de Riscos Laborais ven reclamando que se lle dote de persoal cualificado. Constando que o interesado está en posesión dos requisitos necesarios para o desempeño da categoría de técnico de nivel intermedio en prevención de riscos laborais, establecida no R.D. 39/1997, de 17 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento dos servizos de prevención.

Dada conta ao Comité Intercentros. Vistos os artigos 25 da Lei 31/1995, do 8 de novembro de prevención de riscos laborais así como os artigos 13 e 14 do I Convenio Colectivo da Universidade de Vigo,

**ESTA XERENCIA RESOLVE:** Destinar, con efectos económico-administrativos do 9 de xaneiro de 2008, a Don Cándido Pérez Betanzos ao Servizo de Prevención de Riscos Laborais co réxime de xornada de traballo establecida no artigo 38.a) do I Convenio Colectivo.

De conformidade co artigo 13 do I Convenio Colectivo, este cambio non suporá redución salarial nin profesional.

Contra esta resolución o interesado poderá presentar ante este reitorado reclamación previa á vía xudicial laboral, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte á recepción desta notificación que se practica por correo certificado e con acuse de recibimento.



Vigo, 9 de xaneiro de 2008

O XERENTE

Antón Vidal Andión

**DON CÁNDIDO PÉREZ BETANZOS**  
**SR. PRESIDENTE DO COMITÉ INTERCENTROS**  
**SR. XEFE DO SERVIZO DE PAS E RETRIBUCIÓNS**